

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E SOCIAL (INORDE) PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO TURISMO NO XEODESTINO CELANOVA-TERRAS DO XURÉS**

O xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico e Social (INORDE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o INORDE para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo no xeodestino Celanova-Terras do Xurés que inclúe a realización das actividades das seguintes liñas:

<b>LIÑA DE ACTUACIÓN A: PLANIFICACIÓN, CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DO PRODUTO TURÍSTICO.</b>	
<b>A.1</b>	Producción e edición de vídeo adicado a "Turismo Familiar"
<b>B. COMERCIALIZACIÓN, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DE PRODUTO</b>	
<b>B.1</b>	Participación en feiras sectoriais
<b>B.2</b>	Monográfico Revista "Turismo Rural" do Xeodestino.
<b>C. FORMACIÓN</b>	
<b>C.1</b>	Formación e avaliación SICTED
<b>D. NOVAS TECNOLOXÍAS APLICADAS AO TURISMO</b>	
<b>D.1</b>	Implementación de mapas. Mosaicos de Rutas de Senderismo e Cicloturismo.
<b>D.2</b>	Xestión de redes sociais, mantemento de web e aplicación dixitais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:



**Primeiro.-** Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas actividades que lle permiten acadar os seus obxectivos.

**Segundo.-** Que de conformidade cos estatutos aprobados pola Corporación Provincial, na súa sesión do día 24 de setembro de 2004 e publicados no BOP do día 5 de outubro de 2004, o Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (INORDE) é un organismo autónomo local de natureza administrativa, dependente da Deputación Provincial de Ourense, con personalidade xurídica propia, autonomía de xestión, tesoureira e patrimonio propios, creado, o abeiro da lexislación de réxime local, pola Deputación de Ourense, da que depende e a cuxa Presidencia está adscrito, que forma parte do sector público institucional provincial, organismo autónomo de los referidos no artigo 2.2.a) da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público (LRJSP), que ten a consideración de administración pública nos termos establecidos no artigo 2.3 da citada LRJSP.

Que o consello reitor do INORDE aprobou, en sesión celebrada en data 11 de outubro de 2023, a subscripción, con todos os concellos que integran o xeodestino Celanova-Terras do Xurés (Bande, Barbadás, A Bola, Cartelle, Celanova, Entrimo, Gomesende, Lobeira, Lobios, A Merca, Muíños, Padrenda, Quintela de Leirado, Ramirás e Vereá), dun convenio de colaboración para a execución dunha serie de actividades que forman parte do Plan Director do xeodestino. En virtude deste convenio de colaboración, os municipios interesados encomendaron ao INORDE a función de ente xestor do Plan Director do



xeodestino, no ámbito das competencias municipais, delegando neste organismo autónomo o exercicio das competencias necesarias para executar a primeira fase do dito Plan. O INORDE, como medio propio da Deputación Provincial de Ourense, será o organismo encargado da xestión e execución do presente convenio.

Que o xeodestino Celanova–Terras do Xurés está composto polos concellos de Bande, Barbadás, A Bola, Cartelle, Celanova, Entrimo, Gomesende, Lobeira, Lobios, A Merca, Muíños, Padrenda, Quintela de Leirado, Ramirás e Vereá.

Polo tanto será nos concellos Bande, Barbadás, A Bola, Cartelle, Celanova, Entrimo, Gomesende, Lobeira, Lobios, A Merca, Muíños, Padrenda, Quintela de Leirado, Ramirás e Vereá nos que se desenvolveran as actividades enmarcadas neste convenio.

**Terceiro.-** Que co obxecto de promover o turismo no xeodestino Celanova-Terras do Xurés, as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada por ambas partes e con beneficios conxuntos. Todo isto englobase, ademais, no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia.

**Cuarto.-** Que a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade regúlanse na devandita lei os xeodestinos.

A lei define, no seu artigo 23, como xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, tras a súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.



Na Estratexia de Turismo de Galicia 2030, de acordo coa liña estratéxica 6. *Gobernanza do destino*, concretamente no medida 6.4 *Cooperación pública e interadministrativa*, apoiárase a cooperación cos destinos supramunicipais a través de convenios específicos cos xeodestinos. Considérase moi importante o papel da administración local no mantemento e a xestión do territorio, pola súa natureza e proximidade, polo que se desenvolverán convenios coas entidades locais para actuacións sobre temáticas específicas.

A través deste convenio, outórgase ó Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico e Social (INORDE) unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

